

## **Memoria xustificativa do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo.**

1.- Con data do 14 de marzo de 2015 a entón Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e os concellos de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, O Porriño, Pazos de Borbén, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño e Soutomaior asinaron o Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Vigo, coa finalidade de afondar en actuacións que melloren a calidade e competitividade do transporte público, dada a positiva acollida dos precedentes anteriores por parte dos usuarios.

Coa sinatura deste convenio as Administracións favoreceron a introdución de importantes melloras para as persoas usuarias, máis alá do abaratamento do prezo do transporte, tales como a simplificación de prezos mediante a introdución dunha tarifa zonal e a despenalización do transbordo, contribuíndo á integración dos sistemas de transporte interurbano e urbano.

2.- O citado Convenio tiña unha vixencia ata o 31 de decembro de 2019, con posibilidade de prórroga por prazos inferiores ao tempo de vixencia inicialmente establecido. Así, dadas as considerables vantaxes introducidas no sistema de transporte e a súa aceptación por parte do conxunto da cidadanía da zona, o Convenio foi obxecto dunha primeira prórroga, logo da entrada en vigor da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do





sector público, ata o 31 de decembro de 2020 por acordo adoptado pola Comisión de Seguimento do 13 de marzo de 2019. Posteriormente, con data do 22 de setembro de 2020, acordouse unha segunda prórroga do Convenio ata o 31 de decembro de 2021 respecto dos programas inicialmente implantados, asumindo as administracións os mesmos compromisos para ese novo exercicio.

A necesidade de manter a liña de colaboración existente entre as diferentes Administracións, fai preciso a formalización dun novo convenio co obxectivo final de garantir a continuidade das accións de promoción do transporte público colectivo en tanto se procede ao desenvolvemento e implantación da Área Única de Transportes de Galicia.

**3.-** A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transportes terrestres que se desenvolvan integramente dentro do seu territorio, de acordo co establecido no artigo 148.5 da Constitución Española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia. O Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, órgano da administración autonómica ao que corresponden as competencias e funcións en materia de transportes, determina que a Dirección Xeral de Mobilidade terá, entre outras, as funcións relativas á coordinación dos transportes urbanos cos interurbanos e a implantación de plans de fomento do transporte público. O artigo 19 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres (LOTT) prevé a posibilidade de establecemento de tarifas a cargo do usuario máis baixas das que resultarían da aplicación das previsións xerais da Lei, establecéndose un réxime especial de



compensación económica ou doutras fórmulas de apoio ás correspondentes empresas por parte das Administracións afectadas ou interesadas.

**4.-** Os Concellos asinantes teñen as competencias tanto en materia de transporte público de viaxeiros como na ordenación do tráfico de vehículos e persoas e na protección do medio ambiente, tal e como se establece nos artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e na demais normativa estatal e autonómica de aplicación.

**5.-** O presente Convenio de Colaboración constitúe un mecanismo axeitado para dar continuidade á aplicación das medidas de fomento do transporte público de viaxeiros en desenvolvemento do denominado Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de Vigo.

**6.-** A contía e distribución anual das achegas derivadas directamente do presente convenio de colaboración, é a seguinte:

CONCELLO	2022	2023
Baiona	36.002,75 €	36.002,75 €
Cangas	99.436,69 €	99.436,69 €
Fornelos de Montes	220,12 €	220,12 €
Moaña	23.411,92 €	23.411,92 €
Mos	6.636,32 €	6.636,32 €
Nigrán	50.967,95 €	50.967,95 €
Pazos de Borbén	346,36 €	346,36 €
Porriño, O	19.804,65 €	19.804,65 €
Redondela	27.576,01 €	27.576,01 €
Salceda de Caselas	6.689,27 €	6.689,27 €
Salvaterra de Miño	11.759,34 €	11.759,34 €
Soutomaior	150,00 €	150,00 €





CONCELLO	2022	2023
Xunta de Galicia	1.215.646,00 €	1.215.646,00 €

As actuacións previstas neste convenio, executaranse por parte da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.512A.470.1.

A Xefa do Servizo de Coordinación dos Plans de Transporte  
Marta Figueiras García

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte  
Antón García Río

*Conforme:*

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra (*documento asinado dixitalmente*)

